

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Listas definitivas - Proceso estabilización - Técnica/o medio ambiente

EXPEDIENTE: 2023/G003/000272

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, pola que se aproban as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha (1) praza de técnico/a de medio ambiente, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 230, de data 5 de decembro de 2022, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 236, de 14 de decembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, número 301, de 16 de decembro de 2022.

Considerando que con data 7 de febreiro de 2023 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas do proceso selectivo para a provisión, dunha (1) praza de técnico/a de medio ambiente, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME LINGUA GALEGA
CARRIL DANZA	MONICA	***9739**	EXENTA
LOBELLE VARELA	MARIÑA	***0297**	EXENTA
VARELA GONZÁLEZ	ANA MARÍA	***3781**	EXENTA

Persoas aspirantes excluídas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN	EXAME LINGUA GALEGA
SANTOS UCHA	PAULA	***9732**	Non presenta o modelo de instancia conforme ao Anexo I das Bases Achega copia incompleta do permiso de conducir de clase B fóra de prazo	EXENTA

Segundo.- Nomear ás seguintes persoas como membros do tribunal cualificador ao abeiro do previsto na cláusula sétima das Bases xerais que regulan a convocatoria

- Presidencia
 - Titular: Ignacio Soto González (arquitecto municipal do Concello de Teo)
 - Suplente: Berta Conde López (traballadora social do Concello de Teo)
- Vogal
 - Titular: Ángel Pérez Otero (técnico medio ambiente do Concello de Santiago de Compostela)
 - Suplente: Mónica Lado Varela (interventora do Concello de Teo)
 - Titular: Román Otero Ferreiro (xefe dos Servizos Básicos do Concello de Santiago de Compostela)
 - Suplente: Diego Rodríguez Porto (técnico de Xestión económica e Tesouraría do Concello de Teo)
 - Titular: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)
 - Suplente: Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: María Elena Sueiro Fernández (secretaria adxunta do Concello de Teo)
 - Suplente: Virginia Fraga Díaz (secretaria xeral do Concello de Teo)

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas ao efecto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As persoas aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha de ditas circunstancias consonte o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o vindeiro día 9 de marzo ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

Cuarto.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e notificala aos membros do tribunal cualificador.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz